



NOTA DE PRENSA DO 06.07.10

Este xoves día 8, a partir das 20:30 horas, no CENTRO SOCIAL DO MAR de BUEU, terá lugar a presentación da exposición VINTE ANOS NA DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE, un repaso da actividade da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) no período 1987-2007, que estará aberta ao público perante o mes de xullo na Aula da Natureza de Cabo Udra.

Apoiándose na propaganda impresa editada pola APDR nestes primeiros 20 anos de vida e botando man dos titulares e fotografías de prensa, a exposición recolle o traballo realizado pola asociación ao longo destes anos, un traballo que -con seguridade- vai ter continuidade en tanto persista a necesidade de manter acceso a loita pola defensa do medio.

A exposición, que consta de case medio cento de paneis, permite coñecer a variedade temática na que a APDR ten desenvolvido o seu labor na defensa do medio, un labor que vai máis alá da loita contra a presenza do complexo ENCE-ELNOSA en Lourizán e mesmo da que ten por obxectivo a recuperación da Ría, por máis que estes obxectivos teñan consumido a maior parte da súa actividade. Como queira que a exposición foi realizada por períodos de 10 anos, permite observar non só a evolución das preocupacións da APDR nestes dous períodos, o progresivo interese pola diversificación da súa actividade, senón tamén a evolución da súa propaganda impresa e mesmo da estética utilizada pola APDR ao longo do tempo.

Neste mesmo acto, terá lugar a presentación dun libro que -baixo o mesmo título- dá cobertura impresa á exposición e no que se recolle cronoloxicamente o mais importante da actividade desenvolvida pola APDR nestes primeiros vinte anos de vida asociativa.